



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Marzo 2019

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de marzo de 2019**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2018 e anteriores.


MARZO 2019

Tab 1. Viaxeiros, noites, estada media e grao de ocupación nos establecementos regrados

| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIROS | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|---------------------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 206.633 | -6,0% | 382.852 | -6,8% | 1,85 | -0,8% | 32,33% | -2,26 |
| PENSIÓNS | 29.933 | -37,0% | 75.593 | -9,5% | 2,53 | 43,6% | 16,91% | -0,63 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 236.567 | -11,5% | 458.444 | -7,2% | 1,94 | 4,8% | 28,09% | -1,59 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 5.322 | -21,6% | 13.346 | -27,4% | 2,51 | -7,5% | 10,59% | -5,01 |
| CÁMPINGS | 684 | -45,0% | 1.258 | -58,0% | 1,84 | -23,6% | 6,64% | -1,67 |
| TURISMO RURAL | 8.472 | -31,1% | 14.055 | -39,2% | 1,66 | -11,7% | 8,34% | -3,91 |
| ESTAB. EXTRAHOTEL. | 14.478 | -28,8% | 28.659 | -35,6% | 1,98 | -9,6% | - | - |
| TOTAL | 251.045 | -12,7% | 487.103 | -9,6% | 1,94 | 3,6% | - | - |

- En marzo deste ano 2019 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 12,7% e o volume de noites un 9,6% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase un comportamento irregular da demanda neste terceiro mes do ano como consecuencia do efecto do calendario e, en particular, coa celebración da Semana Santa. Así rexístrase un comportamento positivo naqueles anos nos que este evento se celebra en marzo –en 2015, 2016 e 2018, por exemplo- e caídas naqueles no que cadra en abril –en 2014, 2017 e agora en 2019-. A dinámica está, por tanto, afectada por este importante período festivo e vacacional.
- Esta tendencia sitúa o volume deste mes de marzo en pouco máis de 487 mil noites no conxunto da oferta regrada.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante, alternándose anos de crecemento con anos de caídas en función principalmente do calendario. Con todo a cifra deste marzo sitúase en algo máis de 250 mil viaxeiros no conxunto da comunidade.
- Descende a demanda en marzo logo de acumular catro meses consecutivos de crecemento en Galicia –de novembro do pasado ano a febreiro deste 2019-. O cómputo global corresponde a anos distintos mais coincide na temporada baixa desde o punto de vista turístico.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de marzo 2005-19




- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na perda de preto de 37 mil viaxeiros aloxados e de case 52 mil noites en comparación coas cifras de marzo do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento semellante pero de menor intensidade. No conxunto de España rexístrase tamén unha caída tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,9%- así como do volume de noites –do 4,6% neste caso-.
- Rexístrase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo da demanda a nivel das comunidades autónomas, con caídas xeneralizadas e de diversa intensidade. Só dúas delas conseguen superar as cifras do pasado ano e situarse, por tanto, en valores positivos. Son Madrid –que rexistra un incremento do 9,4%- e Extremadura –que presenta unha suba neste caso do 1,5%-.
- Os restantes destinos presentan caídas da demanda, máis suaves en Andalucía e o País Vasco – con descensos inferiores ao 2% interanual- e máis intensas en Asturias –comunidade que presenta unha caída no volume de noites do 27,5%- . É a que presenta, con diferenza, o peor comportamento no conxunto do Estado.
- Galicia sitúase nunha posición intermedia cun descenso parello ao rexistrado en Cataluña – superior ao 9% interanual-.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é algo diferente. A maioría das comunidades presentan un comportamento negativo –sendo novamente Asturias o destino co descenso máis acusado- mais neste caso son seis os destinos que superan as cifras do pasado ano –Extremadura marca o incremento máis notorio cun 7,3% interanual-.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a décima posición representando o 1,7% do total de España. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con máis de 8,3 millóns de pernoctacións no mes de marzo –o 30% do total-. Sitúanse a continuación Andalucía –con máis de 4,7 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 3,8 millóns-, a C. Valenciana –con preto de 3,4 millóns- e Madrid –con máis de 2,4 millóns neste

caso-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 80,5% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En marzo o 94,1% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 78,6%- coma ás pensións –co 15,5% neste caso-. O 5,9% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 2,7% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2,9% neste caso-.
- Tal como corresponde a un mes de temporada baixa, os cámpings adquiren un peso pouco perceptible, practicamente insignificante, con apenas o 0,3% do total da demanda regrada. Difire notablemente do observado no verán –cando supera o 20% do total no pasado ano, por exemplo-.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Marzo 2019



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada neste mes de marzo vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorbe a case catro de cada cinco noites no aloxamento regrado, proporción superior á rexistrada por exemplo no anterior mes de xaneiro e moi semellante á de febreiro-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade. No ámbito hoteleiro o descenso é relativamente moderado situándose no 6,8% no caso dos hoteis e no 9,5% para as pensións. En ambas tipoloxías esta caída provén dun descenso parello da cifra de viaxeiros aloxados.
- No ámbito extrahoteleiro a caída é máis notoria situándose no 27% para os apartamentos turísticos, no 58% nos cámpings e no 39% para os establecementos de turismo rural. Tamén neste caso os descensos proveñen de caídas parellas da cifra de viaxeiros aloxados, con diversa intensidade –do 22% nos apartamentos turísticos, do 45% nos cámpings e do 31% nos establecementos de turismo rural-.

- Tendo en conta os dous grandes segmentos da oferta –hoteleiro e extrahoteleiro- o comportamento é igualmente homoxéneo. Descende o número de noites un 7,2% no primeiro e un 35,6% no segundo, porcentaxes referidas ao seu conxunto.


Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Marzo 2019/18, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de preto de 36 mil noites no segmento hoteleiro e de case 16 mil no ámbito extrahoteleiro –cifra que na súa maior parte corresponde aos apartamentos turísticos e aos establecementos de turismo rural-.
- Dentro do segmento hoteleiro o comportamento da demanda difire en función da categoría. Dentro dos hoteis o volume de noites descende en todas as categorías mais con diversa intensidade. A caída é moi suave no segmento de maior categoría –nos hoteis de catro e cinco estrelas, cun descenso do 1,4% provocado por unha caída da estadia media- e máis notoria nos restantes segmentos –descende un 19% nos hoteis de tres estrelas, un 6% naqueles de dúas estrelas e un 9% nos de unha estrela-. Nestes tres casos a caída vén provocada en grande medida por un descenso da cifra de viaxeiros aloxados.
- Nas pensións acontece algo diferente. Sobe o nivel de demanda naquelas de tres e dúas estrelas –un 15,0% por mor dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende un 6,7%- e descende, en cambio, nas de unha estrela –un 31,7% froito dunha forte caída da cifra de viaxeiros aloxados, do 58,7% neste caso-. É con diferenza o segmento de peor comportamento neste mes de marzo.
- Neste mes de marzo o 79,5% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 20,5% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións mais aseméllanse ás rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 80,6% e o do internacional no 20,5%-.


- Esta distribución é propia dun mes de temporada baixa no que o peso do turismo internacional non sobe do 21% se ben neste caso concreto hai diferenzas co rexistrado en xaneiro e febreiro, meses nos que o mercado estranxeiro se situaba no contorno do 17-18% do total.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Marzo 2019




- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar neste mes de marzo, con variacións de diferente dirección e intensidade.
- O turismo nacional descende un 13,1% como consecuencia dunha caída parella da cifra de viaxeiros españois, do 14,4% neste caso. Este descenso vén a confirmar a dinámica irregular que o mercado nacional ten en Galicia no mes de marzo, moi condicionada polo efecto do calendario coa celebración da Semana Santa –evento que afecta en grande medida a este segmento-. Con todo o turismo do conxunto do Estado xera neste mes máis de 387 mil noites –a terceira cifra máis elevada da década-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Marzo 2019/18



- O turismo internacional presenta en cambio unha dinámica positiva superando nun 7,1% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia da notable mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros descendeu un 4,9%. É o segundo ano consecutivo no que se observa unha mellora do turismo internacional en Galicia neste terceiro mes acadando neste 2019 preto de 100 mil noites –cifra que supón un máximo na serie histórica na nosa comunidade-.
- En marzo o turismo de ámbito nacional representa o 79,5% do total da demanda turística regrada, porcentaxe elevada como corresponde a un mes de temporada baixa. O turismo internacional representa en cambio o 20,5%, cifra xa importante que ademais supón un máximo na serie histórica deste terceiro mes do ano.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado varía un pouco en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. O turismo nacional ten unha dinámica máis homoxénea e descende tanto no ámbito hoteleiro –onde rexistra unha caída do 10,6%- coma no conxunto da oferta extrahoteleira –un 38,4%- . O segmento internacional, en cambio, amosa un evolución máis dispar, con subas no ámbito hoteleiro –do 8,4%- mais caídas no conxunto das modalidades extrahoteleiras –onde descende nun 14,9%- . Así pois, o bo comportamento do mercado estranxeiro céntrase nos hoteis e pensións da comunidade.
- Máis polo miúdo obsérvase que o crecemento do mercado estranxeiro no segmento hoteleiro é unha característica bastante transversal, afecta a todas as categorías ou segmentos con diversa intensidade. A excepción localízase nas pensións dunha estrela onde se rexistra unha caída do mercado estranxeiro do 54% en relación ao mes de marzo do pasado ano.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,94 noites, cifra que se incrementa nun 3,6% en relación ao pasado ano 2018. Sobe a estadía media por segundo ano consecutivo neste mes de marzo, situando a cifra deste 2019 na máis elevada dos últimos cinco anos –e cun valor practicamente equivalente ao rexistrado en marzo de 2016-.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Marzo 2019




- Neste mes son dúas modalidades –as pensións e os apartamentos turísticos– as que presentan as estadías máis elevadas, con 2,5 noites de media en ambas. Marcan diferenza coas restantes tipoloxías que fican por debaixo das dúas noites con valores bastantes parellos –fican levemente

por encima de 1,8 noites os hoteis e os cámpings mentres que os establecementos de turismo rural rexistran a cifra máis baixa con preto de 1,7 noites de media neste mes-.

- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar nas diferentes tipoloxías. Sobe e mellora nas pensións –de forma moi notable, un 44%-, mantense relativamente estable nos hoteis e descende, en cambio, nas tres modalidades extrahoteleiras –un 7,5% nos apartamentos turísticos, un 23,6% nos cámpings e un 11,7% nos establecementos de turismo rural-.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición media-baixa en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes os valores rexistrados en seis destinos –o País Vasco, A Rioxa, Asturias, Estremadura, Castela e León e Castela A Mancha-. Canarias, con 7,1 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de marzo. No lado contrario é Castela A Mancha o destino que presenta a cifra máis baixa, con 1,7 noites.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar entre as diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan un comportamento negativo. Neste contexto Galicia sitúase no grupo dos tres destinos onde mellora en relación a 2018, só por detrás de Madrid – que marca neste mes unha suba do 3,7%-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Marzo 2019



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é parella. Descende en todas as modalidades de aloxamento mais con diversa intensidade. A caída máis notoria sitúase nos apartamentos turísticos –de cinco puntos porcentuais- e nos establecementos de turismo rural –de case catro puntos neste caso-. No lado contrario o descenso máis suave localízase nas pensións onde o nivel de ocupación cae en 0,6 puntos en relación ao pasado ano.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 32,3% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings –cun 6,6%- e nos establecementos de turismo rural –cun 8,3% neste caso-.